

ADIANTE

FEDERALISMO

SOCIALISMO

DEMOCRACIA

Organo do Partido Socialista Galego

ANO I - Nº 1

OCTUBRE 1965

O socialismo galego é espresion dunha situación histórica

Velahi porqué hai un socialismo galego ; pra
axeitarmos as solucións socialistas a realidade
social, económica e cultural de Galicia

O noso socialismo é galego porque a Galicia se refire

Algús compañeiros, ao se atoparen ca realidade do noso movemento, preguntan : ? porqué un socialismo galego ? ? Non será a máscara oportunista dun nacionalismo reaccionario ? ? E logo o socialismo xa non é internacionalista ?

Compre distinguirmos entre socialismo galego e galeguismo socialista. Si o noso movemento fose escrusivamente fillo do galeguismo, si fose somentes a rama socialista, ou de tendencia socializante, dun movemento politicamente obscuro e indefinido, no que convivire con outras forzas, cicáis democráticas, mais sempre anti-socialistas, daquela estarian xustificadas as sospeitas dises compañeiros. Efeitivamente, si ADIANTE fose voceiro dun galeguismo socialista, habería razóns pra nos acusaren de falsos e de oportunistas.

Mais non é así. O socialismo galego é espresion dunha situación histórica de Galicia, é a resposta do pobo galego perante da inxusticia social, o asoballamento político e a esportación económica que hoxe padece o noso país. Non é hunha rama do galeguismo. Iste foi, e inda é hoxe, o movemento anovador da nosa literatura, das nosas artes, do noso pensamento. Mais, de ningún xeito, un movemento político. O socialismo galego é galeguista no senso de que defende a persoa- lidade de Galicia en todo-los ordes, mais


Editorial

non é froto dun maquiavelismo dereitista. ? Logo o socialismo xa non é internacionalista ? E internacionalista, e terá que o ser sempre pra non perder a súa natureza. O socialista participa nunha loita mundial po-lo trunfo da democracia e da xusticia social, sabe que os problemas atuais prantéxanse a escada mundial, e que non trunfará o

socialismo namentras haxa naciós esportadas po-las forzas capitalistas. Mais hoxe tense concencia de que o único internacionalismo posibel i eficaz é o que tén conta das peculiaridades de cada pobo e de cada individuo. A comunidade internacional non é un ente abstracto ó pobo dun país. O socialismo actual tén que ter conta das diferencias entre pobos i entre homes. Tén que ter concencia de que non hai solucións concretas universaes, e de que o programa que nun país pode ser moi progresivo é cicáis inxusto noutro país de características diferentes.

Velahi porqué hai un socialismo galego; pra axeitarmos as solucións socialistas á realidade social, económica e cultural de Galicia. As solucións que se dén en Galicia, con seron socialistas, terán por forza que se diferenciaren das solucións que se apriquen, por exemplo, na Andalucía ou na Cataluña.

O noso socialismo, xa que logo, non é máscara de reación. Non é nacionalista. E galego porque a Galicia se refire, mais tén concencia do que hoxe significa ser socialista : síntese irmán dos socialistas españoés, decrárase européista porque somentes nunha Europa socialista unida pode ter viabilidade unha Galicia xusta e solidarízase con todos os movementos socialistas democráticos do mundo.



**As escolas
teñen que**

**e os mestres
ser pra todos**

Os campeiros de acordo co seu intereses

INGRESO « PER CAPITA » DE LAS CUATRO PROVINCIAS GALLEGAS :

Provincias gallegas	Nº en la lista nacional	Ingreso en pts. en 1960
Pontevedra	25	14.140 (235 dólares)
La Coruña	33	13.067 (217 dólares)
Lugo	42	11.364 (189 dólares)
Orense	50	9.057 (151 dólares)

DISTRIBUCION DE LA RIQUEZA RUSTICA GALLEGA :

	Extensión media por propietario	Nº de parcelas por propietario	Parcela media Has.
GALICIA	3,55 Has.	16,59	0,21

LA ACTUAL LEGISLACION DE ARRENDAMIENTOS RUSTICOS Y SU REPERCUSION EN GALICIA

« ...Los ricos cada vez más ricos, los pobres cada vez más pobres... ».

Las anteriores palabras del recuadro fueron glosadas por el Profesor Castillejo hace ya años desde la B.B.C. de Londres, aplicadas a España en aquella hora, que es la actual. Por cualquier lado que se mire la legislación española desde la implantación del actual régimen político, se ve cumplida esa fórmula inhumana, y por inhumana, injusta. Todas las instituciones van encaminadas al cumplimiento de ese objetivo.

En estas líneas vamos a fijar, resumidamente, nuestra atención sólo en la legislación de arrendamientos rústicos, por afectar de una manera profunda a Galicia, país fundamentalmente agrícola.

Se promulgó la Ley de 28 de Junio de 1.940, modificando la de 15 de Marzo de 1.935, con el establecimiento de prórrogas a favor del arrendatario facultándole para permanecer en la finca arrendada hasta cumplir el tiempo de la prórroga, que para arrendamientos de menos de cinco mil pesetas, es de quince años.

Estas normas fueron confirmadas por la Ley de 23 de Julio de 1.942, estableciendo un régimen análogo para las aparcerías, institución consustidnaria peculiar de nuestra tierra.

No se pierda de vista que en Galicia, país de minifundio, el arrendador o propietario no es ningún plutócrata. A veces es más rico el arrendatario que el arrendador, sobre todo tratándose de arrendamientos inferiores a cinco mil pesetas.

Pero he aquí que, cuando estaba a expirar la prórroga de los quince años, se estableció una nueva prórroga que había de entrar en vigor desde primero de octubre de 1.954. Y en este mismo año (antes de que expirase esta prórroga) se promulga la Ley de 15 de Julio, completada por la de 17 de Diciembre del mismo año de 1.954, estableciendo, en determinadas circunstancias, el acceso a la propiedad de los arrendatarios en las fincas arrendadas.

Se refunden todas estas leyes en el Reglamento de su aplicación, aprobado por Decreto de 29 de Abril de 1.959 (B.O. del E. de 7 de mayo de mismo año).

Estas leyes desamortizadoras lo son sólo para arrendadores pequeños propietarios; arrendamientos que se conocen con el nombre de « protegidos » y « especialmente protegidos », porque asientan permanente o casi permanentemente al arrendatario en la finca arrendada.

Sigue p. 4

DESPUÉS DE VEINTE Y MUCHOS AÑOS DE VICTORIA

HAMBRE Y FANFIF

Galicia se ha resentido siempre de la oportunist. falta de una planificación que, a escala El pequeño de todo el país, coordinase y resolviera el tra sus innumerables problemas. Ni siquiera de y fueron atendidas sus necesidades más desbordac elementales, ni desarrollada su econo de precio mía primaria. Como resultado, el hambre, des; bre es la condición de sus hombres y en manos subdesarrollo su nota característica. gran a

En su lucha contra el hambre, los llevar gallegos debieron haber unido sus fuer-bajo. Este zas, aunado sus voluntades y recons-dor en A truido su economía, pero se encontra-queño pi ron sin espíritu para llevar a cabo talsin garan empresa. El desgate que les produjo cua-bajo. tro siglos de Administración centralista, Galicia

enemiga celosa de su cultura, y lanificación expoliación de que fué objeto por parte el paro c de su burguesía, fiel a los halagos de la rabajo, y Capital-Estado y traidora a sus gentes, mismo ciu acabaron por rendir a los gallegos. Bus-uerzas e caron otras tierras de promisión : emi- u econon garon.

Después de veinte y muchos años de ios, que victoria franquista el panorama nada las y m ha cambiado : Galicia continúa conde- país de a nada al exilio y la miseria cubre susocioecon aldeas. Los únicos satisfechos son los inter- ión y l. mediarios de hombres y de créditos. ellos Una debil industria se cobija en su qu- de la dades al abrigo de la especulación y del or la qu

PRODUCTIVIDAD REGIAL CO

Regiones

Rioja y Navarra	
Castilla la Vieja	
Aragón	
Cataluña y Baleares	
Leonesa	
Levante	
Canarias	
Vascongadas	
Castilla la Nueva	
Andalucía Occidental	
Asturias y Santander	
Andalucía Oriental	
Extremadura	
GALICIA	

Onde non hai libertade de falar
non pode haber democracia

Os niños teñen que se orgaizaren nos seus intereses e non servindo os intereses políticos do Goberno

DE VICTORIA FRANQUISTA

PLANIFICACION

oportunismo, al calor de la inflación. El pequeño aumento de salarios que para el trabajador representó la emigración de mano de obra, pronto se vió desbordado por una alarmante subida de precios. La ganadería y la agricultura, desprovistas de ayuda, quedaron en manos de viejos, mujeres y niños que gran al emigrado que con sus ahorros llevará a la ciudad en espera de trabajo. Este es el porvenir: soledad y sufridor en Alemania para adquirir un pequeño piso en La Coruña o en Vigo, sin garantía de encontrar después trabajo.

Galicia continúa pendiente de una planificación global que haga desaparecer el paro creando suficientes puestos de trabajo, y que borre el ruín provincialismo ciudadano que tanto debilita sus fuerzas e imposibilita el desarrollo de su economía. Una planificación socialista que acabe con los monopolios bancarios, que reforme sus estructuras agrarias y marineras, que industrialice el país de acuerdo con sus características socioeconómicas y que quite la educación y la economía de las manos de los pocos que sólo se guían por el ánimo de lucro. Por esa planificación es la que luchamos.

PORCENTAJES DECRECIENTES DE LA PRODUCCION Y POBLACION DE GALICIA CON RESPECTO A ESPANA :

	Población		Producción total	
	% de la nacional 1955	1960	% de la nacional 1955	1960
GALICIA	9,39	8,56	6,59	5,93

CUADRO COMPARATIVO RENTA EN GALICIA CON OTROS PAISES :

Países	Renta « per capita »
GALICIA	198 dólares
Ecuador	185 dólares
Guatemala	177 dólares
EE. UU. de Norteamérica	2.796 dólares
Holanda	837 dólares
Argentina	700 dólares

O " PLAN DE DESARROLLO "

Levamos ano e medio de vixencia, en Galicia, do « Plan de Desarrollo Económico y Social » español, e hai moita xente que se pregunta pra quen se fixo o Plan, pra quen se fai o desenrolo.

Son dous os problemas capitás que prantexa Galicia prá confección dunha política económica, e o « Plan de Desarrollo » nin resolve nin tan siquiera prantexa ningún dos dous. O primeiro radica en que o carácter de comunidade human definida e peculiar que tén o país galego como conxunto socio-económico non está traducido ó orden político - nin siquiera ó administrativo.

O perfil xenuinamente rural de Galicia, por exemplo, invalida as acomodaticias fórmulas de « industrialismo » urbán postas en xogo pola política do goberno español. O segundo consiste no desequilibrio setorial interno da economía galega, que leva aparellada unha fonda desigualdade social na que resultan perxudicadas as catro quintas partes da nosa xente.

Na política económica moderna é perfectamente faitible unha elaboración descentralizada sin risco ningún prá calidade técnica dunha planificación, e con ventaxa sustancial prá sua dimensión social e pró seu

achegamente verdadeiro ó sustrato humana realidade económica.

Mais unha tal política económica require unha base democrática e unha estreitura política auténticamente descentralizada - ó decir, funcionalmente federal. E xa nos compre decir que o Plan español non conta con isas condicións previas nin os intereses do goberno conducen a isa estreitura política.

Mais tampouco se pón remedio á desigualdade social. En Galicia, ista desigualdade está esencialmente vencellada, non somentes a unha estreitura de crases peculiar do sistema económico vixente, senón aínda máis xustamente a unha estreitura setorial e, ó cabo, á demarcación dos mundos rural e urbán. A xente do agro, a xente da beiramar rural; o labrego, o mariñeiro; todos eles forman parte de setores mal asistidos e dun mundo que se esfrangulla. Pra ista xente non hai outro camiño que a emigración. Nono había hai dous anos, cando o Plan non estaba aínda en obra. Nono hai tampouco agora, a vulgar polas cifras de emigrantes, que non fan máis que corroborar as deducións que calquera pode tirar do contido do Plan.

Sigue p. 4

RNAL COMPARADA :

En pesetas por Ha.
labrada más pastos

1.739 pesetas
1.431 »
1.163 »
2.350 »
1.132 »
2.079 »
4.109 »
2.435 »
961 »
1.560 »
1.637 »
1.576 »
889 »
2.530 »

A liberación do labrego esta en función do seu nivel cultural

SIN UNHA ORGAIZACION FEDERAL NON SE ARRANXARAN OS PROBLEMAS DE GALICIA

NOTAS ENCOL DA EMIGRACION

E un feito evidente o de que a situación política española fáise a cada paso máis difícil de soste pra as organizacións e persoas aliadas ó réximen, e así vemos que, sin vergonza de ningunha crás, bótase de xeito semiclandestino un porcallento folleto tiduado « El Caso Ruiz-Jiménez Cortés », no cal espállanse nombres vencellados á situación, empregando pra todos eles o calificativo de treidores. Tal xeito de aitar mostra a razón, mantida ó longo de tantos anos, que asiste ó pobo español pra refugar o franquismo e todo canto él representa; razón que, agora, é o propio réximen quen a enseña, berrando en letra impresa seu podrecimento.

Este introito ven a conto ó estudarmos o problema da emigración, xa que a prensa do réximen, ó longo de milleiros de comentarios e opinións, soñentes recalcou o mal que fai a emigración, pronuncia quixo turrar no problema que se debate no fondo e do cal deita este mal. Fíxose custión dos efectos pro calouse o porqué pasan así as cousas.

A emigración en manada dos españoles, feito que aquí na Galicia toma unha dimensión moito máis acusada que nas outras rexións españolas de un desenrolo social i económico superior, supón unha verdadeira égida ou fuxida dun pobo que deixa a terra na que malvive pra se desplazare a outras nacións nas que o peso do Estado non cai por riba do lombo dos traballadores, sinón que é un aprecho ó seu servicio. Este é o verdadeiro e gran problema cuia consecuencia é a emigración. Non hai en España unha soia persoa honrada e traballadora que vexa no Estado un instrumento pra o seu servicio que se sinta partícipe nas tarefas públicas, sinón que, pola contra, toda a xente sintese escrava e serva do Estado e da oligarquía que xira ó seu carón; por eso, cando o peso fíxose moito pra o servo, e as demandas do Estado non hai quen as aguante, os nosos obreiros e campesiños recollen as suas cousas, fan as maletas e vánse. Non protestan nin esixen un cambio porque saben que ningún lles faría caso, nin, por outra banda, non tentan de se organizaren pra conquistar forza propia porque teñen medo á represión policial dun Estado ó cal eles son alleos.

E vánse..., decote, sin descanso, nunha fuxida cara a liberdade que, por meio da independencia económica, agardan atoparen noutros países, co isa aceda canseira do gallego, que, sin saber qué vai atopar noutras terras deixa a súa, que xa non é súa, pensando en que nunca han ser os corvos máis negros que as áas.

I é entón cando xurde todo o gran aparato asistencial do réximen, entón é cando se

gastan millóns tencionando de lles adular esa condición de emigrantes á que os botóu a propia situación; e mándanse periodistas a Francia ou Alemaña... orgaizaselles ó cabo, o que os emigrantes non pediron que lles orgaizaran, que é a vida fora de España, deixando sin orgaizar, e negándollo sempre, unha e outra vez, pra que poidan seguiren medrando o gran capitalismo e as persoas que directamente se aproveitan da sombra do franquismo, o dereito e a posibilidade de orgaizaren a súa vida na terra que os víu nacer.

E a Eirexa española, que tanto se dói dos probes e homildes, orgaizalles ós emigrantes a asistencia eclesiástica, e dalles esmola e consellos, pro o que, agás raras escepcións, tentóu nuna de facere é o non ter que dar esmola, pra o cal tería que colaborar co pobo na súa loita contra o franquismo, porque, ? cómo vai hipotekar a Eirexa española os privilexios que tén no réximen de Franco por un millón máis ou menos de emigrantes ?

PEDRO DO RODO.



Servicio de Prensa y Propaganda
8, Rue Rigaud - Perpignan

Imp. Lebau, Perpignan

Viene p. 3

O " PLAN DE DESARROLLO "

Está visto que ó goberno español non lle importa gran cousa - por moitos aspaventos que faga, en contrario, prá galería - a economía agraria. I é lóxico : non é ise, aínda, coa sua aitual estreitura human, un terreo interesante prós grupos de presión que determinan a política do goberno. E ó quedar postergado o seitor agrario na política económica española, fica irredenta a maioría da comunidade galega. Mais aínda por riba, o pulo industrial confíase, no Plan - e no que fai a Galicia - á acción de dous « polos », ou focos privilexiados, situados nas dúas vilas que xa eran, deica agora, de seu, os centros industriais urbáns máis dinámicos do país.

Mentras non haxa unha base democrática prá elaboración dunha política económica descentralizada e mentras non se supere a pseudo-planificación chamada planificación « indicativa », non haberá xeito de resolver honradamente, en percura do benestar da comunidade, a complexa problemática que prantexa a realidade galega. E o noso home terá de seguir a ser un emigrante nato ou un servo da terra ou do mar.

ARMENTEIRA.

Viene p. 2

LA ACTUAL LEGISLACION...

Estos arrendamientos, de escala móvil, comprenden sólo los que tienen un precio inferior al equivalente al de 40 quintales métricos de trigo (para estos arrendamientos el precio actual del trigo, establecido legalmente, es de 270 pesetas el quintal métrico). Los arrendamientos de precio superior se gobiernan por lo establecido en el Código civil, o sea, que los rige la autonomía de la voluntad, la voluntad de las partes.

En Galicia todos, o casi todos los arrendamientos son protegidos, pues es raro que los haya de renta superior al equivalente a 40 quintales métricos de trigo. En cambio, sería raro que en Castilla y demás países latifundistas, hubiese o haya de haber arrendamientos protegidos.

Se viene diciendo en el prólogo o exposición de motivos de estas leyes, que se encaminan a combatir el absentismo. Pero el absentismo de Galicia es producido por la necesidad económica de emigrar, porque, por otras diversas causas administrativas, sus pequeños fundos no les producen el mínimo de existencia; en cambio, el absentismo de los terratenientes de Castilla y demás países de latifundio es producido por la busca de comodidad en la gran urbe.

Queda, pues, claro que estas leyes tienen por objeto amparar a los ricos en sus bienes, haciéndolos más ricos, con el sacrificio de los bienes de los pobres, haciendo a éstos más pobres.

SOMENTES UN SINDICATO LIBRE E SIN PATROS PODE DEFENDER OS INTERESES DOS OBREIROS